

Vázquez Ramil, Raquel (2012). *Mujeres y educación en la España contemporánea. La Institución Libre de Enseñanza y la Residencia de Señoritas de Madrid.* Madrid: Akal. ISBN: 978-84-460-2920-5. N.º páxinas: 495.

A editorial Akal acaba de publicar unha obra que nos introduce nun territorio pouco frecuente do sempre apaixonante mundo da Institución Libre de Enseñanza: a Residencia de Señoritas de Madrid ou Grupo Feminino da Residencia de Estudiantes, que funcionou en Madrid desde 1915 ata a guerra civil.

Raquel Vázquez Ramil, doutora en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, tratou o tema na súa tese doutoral, lida en 1989. Dende entón moito se dixo sobre a Institución Libre de Enseñanza, pero moi pouco sobre a Residencia de Señoritas, en gran parte por desinterese e tamén por dificultade de acceso ás fontes primarias. Por iso, a autora decidiu recuperar o fío da súa investigación inicial e tirar del ata elaborar o traballo que agora se nos ofrece.

O libro consta de sete capítulos e anexos. O primeiro capítulo estuda a contribución da Institución Libre de Enseñanza á educación da muller española a través de entidades como a Asociación para la Enseñanza de la Mujer de Madrid; detense tamén no círculo de mulleres máis próximo a Giner e aos fundadores da ILE, salientando a dúas intelectuais galegas de renome, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán.

O segundo capítulo analiza a cristalización práctica dos ideais da ILE nun organismo oficial, a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. O terceiro capítulo, a modo de ponte, detense no acceso da muller española ao ensino superior, que oficialmente data de 1910 e que non será significativo ata os anos vinte; analízanse tamén outras posibilidades educativas abertas ás mulleres nesa época.

O cuarto capítulo indaga na traxectoria vital e profesional de María de Maeztu e Whitney, directora da Residencia de Señoritas desde a apertura do centro; mestra vitoriana, alumna de Ortega e Gasset na Escuela Superior del Magisterio e vinculada á JAE desde 1910. A personalidade de María de Maeztu, unha notable pedagoga formada en Alemaña con Natorp e Cohen, impregna a Residencia de Señoritas e dalle un carácter especial dentro das obras da JAE, ao conectar o proxecto co International Institute for Girls in Spain, unha institución americana dedicada á educación da muller española desde finais do século XIX.

Os capítulos cinco e seis estudan moi en detalle a Residencia de Señoritas, baseándose en documentación orixinal e na súa meirande parte inédita. A autora parte dos inicios e realiza unha análise cuantitativa e cualitativa das residentes; a continuación, preséntanos a «vida» cotiá e as actividades educativo-culturais dun centro polo que pasaron personalidades tan destacadas como madame Curie, Gabriela Mistral e Victoria Ocampo, no que viviron Vitoria Kent ou a galega Maruxa Mallo, por exemplo, e no que pronunciaron concorridas conferencias Unamuno, Ortega, Azorín, Valle-Inclán, García Lorca... os homes do 98 e a puxante nómina da xeración do 27.

O capítulo sete analiza o desmantelamento da obra da JAE por mor da guerra civil e a consecuente reconversión da Residencia de Señoritas nun Colexio Maior doutro talante.

Ademais do estudo documental e bibliográfico, o libro conta con tres amplos anexos: o primeiro recolle os cursos e profesorado da Residencia de Señoritas; o segundo, moi elaborado, a nómina de residentes que por ela pasaron ao longo dos 21 anos de existencia do centro, reconstruída a base de tempo e paciencia, atando cabos e fiando fino. A autora rebuscou orixes e destinos profesionais, aínda que moitas traxectorias se viron truncadas pola guerra e outras pola propia vida. Naturalmente, entre as residentes houbo galegas que desenvolveron importantes carreiras, como a ferrolá Ángeles Alvariño, oceanógrafa que se dedicou á investigación en Inglaterra e Estados Unidos; Rita Fernández Queimadelos, natural da Cañiza (Pontevedra), unha das primeiras mulleres arquitectos; Olimpia Valencia, xinecóloga en Vigo; a lucense Ángeles Pardo Celada, que se especializou co doutor Negrín; a citada Maruxa Mallo, que en 1935 deu clases de Pintura ás residentes; a viguesa Rita Novoa, pianista e estreita colaboradora da María de Maeztu nas tarefas de administración da Residencia; a ourensá Paz Parada Pumar, que estudou Medicina e rexentou un laboratorio de análises clínicas na súa cidade natal, etc. Non queremos deixar de citar tamén a outras, como Carmen Pardo Losada, profesora do Instituto-Escuela e despois Directora da Normal de Lugo; Concepción Fernández López, cuxa familia poría en marcha máis tarde un importante centro innovador en Lugo, o Colexio Fingoi.

O terceiro anexo recolle o testemuño sobre catro residentes de distinta orixe e procedencia xeográfica e social, achegado polas súas descendentes cunha sinceridade e unha tenrura sobrecolledoras. Son mulleres «sen historia», como tantas, que padeceron exilios interiores ou exteriores, que estudaron ata os niveis superiores na época en que o analfabetismo feminino era unha lacra e que perderon a guerra e, con ela, perdérono todo menos a vida física.

O libro de Raquel Vázquez Ramil vén encher un oco, o da historia das mulleres vencelladas á Institución Libre de Enseñanza e aos organismos da JAE, deténdose na análise dun centro único, a Residencia de

Señoritas. Combina o rigor cun estilo ameno e coidado que fan grata a lectura e, sobre todo, abre unha liña de investigación ata agora pouco trillada que debemos continuar. A exhaustiva relación nominal de mulleres que viviron na Residencia, arredor de trinta delas galegas, vai converter o estudo de Raquel Vázquez Ramil nun manual de obrigada consulta para o futuro.

Anxo Serafín Porto Ucha
Universidade de Santiago de Compostela